



"Branca-neves", os alumnos de 5 anos, dramatizaron este conto a partir da música de 'El pirata Manosola'.



"Que sorpresa!"; nesta obra os alumnos de 2º fixeron unha crítica sobre os anuncios de televisión.

CEIP DE PETELOS

BOLETÍN INFORMATIVO "A Nosa Fala" Nº 28

Unha vez máis o colexio está a traballar con outros países no proxecto Comenius. Nesta ocasión os nosos colaboradores son Bulgaria, Polonia, Rumanía, Italia e Turquía e o traballo identifícase co título: "Theatre, magic and life".

Pretendemos achegar aos nenos á riqueza da literatura infantil popular europea a través da acción teatral e desenvolver actividades creativas baseadas na mesma (marionetas, bonecas, traxes, máscaras, decorados...). Partindo disto e con motivo da visita que están realizando nestes días representantes dos distintos países participantes no Comenius, realizamos este Boletín informativo adicado ó teatro.

XOGAMOS CO TEATRO !!

COLOCA CADA NOME NO SEU LUGAR

TEATRO POR DENTRO

PEINE : No peine cólganse os decorados.

BASTIDORES: Entre bastidores danse os últimos toques á maquillaxe, preparase o atrezo...

FOSO DA ORQUESTRA : Entre o escenario e o patio de butacas sitúase un espazo para a orquestra.

PATIO DE BUTACAS: É o espazo para butacas do público situado na parte baixa do teatro.

PALCOS : Son espazos en forma de balcón que rodean o patio de butacas.

COMPLETA E COLOREA

A OBRA DE TEATRO

1-DECORADO: Conxunto de casas , luces , pinturas que axudan a ambientar a escena.

2-ATREZO : Conxunto de obxectos e mobiliario que ambientan a obra.

3-ESCENARIO : Espazo destinado para a representación da obra.

4-PERSONAXE PRINCIPAL: Persoaxe sobre o que xira a obra.

5-PERSONAXES SECUNDARIOS: Acompañantes na trama da obra.

